

ESPEREN...QUE QUEDO EU!

Personaxes

Rosalía de Castro

Castelao

Eduardo Pondal

Manuel Murguía

Lois Pereiro (home)

Camareiro

Camioneiro

Portavoz

Na casa de Rosalía. Están Manuel e Rosalía no salón coa radio acendida, mentres a muller recita uns versos.

ROSALÍA- Adiós ríos, adiós fontes. Adiós... (*cala de súpeto*). Oíches o que acaban de dicir na radio?

MURGUÍA- Oín. Non sabía que había un concurso no que elixen a quen lle adicarán o día das Letras Galegas.

ROSALÍA- Nin eu. Quizais se nós acabamos de sabelo... Estás pensando o mesmo ca min?

MURGUÍA- Penso que si. Ao mellor Castelao aínda non se decatou nin se decata a tempo e xa non poderá facernos a competencia.

Sorrín.

ROSALÍA- Marchamos agora mesmo a Santiago. Coas nosas poesías farémonos co premio antes de que Castelao saiba nin tan sequera de que existe este concurso.

Rin ás gargalladas.

MURGUÍA- Xuntos non haberá quen poida con nós.

Ao tempo que Rosalía e Manuel marchan, Castelao está nun bar tomando un Albariño con Eduardo. Os homes están a falar cando o camareiro se lles achega.

CAMAREIRO- Que, non vos animades vós, grandes escritores, a participar no concurso?

CASTELAO- Que concurso?

CAMAREIRO- O que están a anunciar no televisor.

Castelao vírase cara á pantalla e queda abraiado.

PONDAL- Escoitaches meu? Un concurso para elixir a quen lle adicarán as Letras Galegas este ano! Temos que saír a fume de carozo que mañá é a cerimonia na que se presentan as obras!

CASTELAO- *(Ao camareiro)*. Ímonos meu amigo, grazas por avisarnos. *(Danlle unha propina como agradecemento)*.

Castelao e Pondal marchan cara a Santiago o máis rápido que poden.

Mentres, un home misterioso fai autostop nunha estrada da Coruña. Un camión para diante del. (O home misterioso é Lois Pereiro, pero os espectadores non saberán quen é ata que chega á catedral).

HOME- Amigo, vai cara a Santiago?

CAMIONEIRO- Non, pero cádrame de camiño.

HOME- Entón podería vostede levarme?

CAMIONEIRO- Suba, suba.

Xa en Santiago, Rosalía e Murguía cean nun bar antes do gran día.

MURGUÍA- Estas centolas están boísimas!

ROSALÍA- Pero Manuel! Mañá é o concurso e ti só pensas en comer!

MURGUÍA- Ai muller, non te poñas así. E que en Madrid non había tan boa comida e hai que aproveitar.

ROSALÍA- Déixate de lérias e atende: que imos recitar no concurso?

MURGUÍA- Pois non sei. Eu penso que o poema ese das fontes non está mal. A min pasáronme as ganas de participar, pero acompañareite.

ROSALÍA- Como queiras. Gañaremos o concurso co meu poema e sen que apenas ninguén nos poida facer a competencia. Se é que a Castelao non se lle ocorre aparecer por aquí...

Neses intres, Castelao e Pondal chegan a Santiago e hospédanse nun hotel.

CASTELAO- Será mellor que durmamos ben esta noite. Mañá será un día duro.

PONDAL- Non sexas mexericas home! Veña, imos tomar uns viños que a noite é longa.

Ao día seguinte en Santiago Rosalía e Murguía diríxense cara á catedral. Ao mesmo tempo que eles chegan, aparecen Pondal e Castelao ao fondo da rúa.

ROSALÍA- Non pode ser.

CASTELAO- Home Rosalía, canto tempo sen verte! Xa había que non nos atopabamos.

ROSALÍA- Si, a verdade é que si. Pero que facedes vós aquí?

PONDAL- Seica che colle por sorpresa que veñamos ao concurso?

ROSALÍA- Non, pero é que penso que é de demasiada categoría para as vosas composicións.

CASTELAO- A nós non nos parece o mesmo, pero cada un é cada un. Máis ben será ao revés.

MURGUÍA- Castelao, non me tentes os ferrollos!

Entran na catedral. Alí un grupo de persoas, que compoñen o xurado, esperan os participantes. As palabras do xurado serán sempre ditas por un portavoz.

PORTAVOZ- Bos días, meus artistas. Están listos para comezar a concursar?

CASTELAO- Faltaría máis.

PORTAVOZ- Ben, explicareilles o que imos facer. Pero antes de nada, quen vai concursar?

Todos levantan a man, agás Murguía.

PONDAL- E logo ti?

MURGUÍA- Eu non participo.

PONDAL- Como que non?

MURGUÍA- Non. É que Rosalía é a que leva os pantalóns na casa e estiven pensando que como lle gañe, hoxe durmo á intemperie e vai un frío de cans. Xa ves, a miña muller ponme á raia.

Murguía e Pondal rin.

PORTAVOZ- Comezará a concursar Rosalía seguida de Castelao. Logo Pondal fará a súa actuación.

O xurado tomarase uns minutos para reflexionar e escoller ao gañador. Todo claro?

ROSALÍA- Máis claro que a auga.

O xurado e os participantes toman asento, agás Rosalía que permanece de pé.

ROSALÍA- Adiós, ríos; adiós fontes.

Adiós, regatos pequenos:

Adiós, vista dos meus ollos:

non sei cando nos veremos...

Miña terra, miña terra,

terra donde me eu criei,

hortiña que quero tanto,

figueiriñas que prantei...

A continuación, Castelao.

CASTELAO- Eu recitarei un anaco dunha obra teatral.

LELA- Eu non sei que me dá este home... porque xa fai moito tempo que debía estar na casa.

O BOTICARIO- Pois calisquera día douche un feitizo de namorar e vólvoche toliña. Como me chamo Saturio que o fago!

LELA- Eso sería unha traiduría...!

O BOTICARIO- Así Deus me salve como che reviro o sentido cun bebedizo!

LELA- Con non tomar xaropes desta botica...!

Remata Pondal.

PONDAL- ¿Que din os rumorosos

na costa verdecente
ao raio transparente
do prácido luar?
¿Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

PORTAVOZ- Ben, agora imos elixir o gañador e nuns minutos comunicámoslles o resultado.

Mentres o xurado delibera, os participantes discuten.

ROSALÍA- Ídevos preparando para oír o meu nome. Está visto que a miña obra é mellor que as vosas.

PONDAL- Pero que dis? Se todos sabemos que o gañador serei eu ou Castelao!

MURGUÍA- Nin o soñedes. De verdade pensades que lle ides gañar a Rosalía? As súas fontes son unha idea moi orixinal.

CASTELAO- Pero que fontes nin que fontes! Seguro que non eran nin de auga potable!

ROSALÍA- E ti cos teus vellos que? Cres que ao xurado lle vai gustar unha obra na que un vello quere engaiolar a unha moza?

CASTELAO- Polo menos é mellor que a túa.

ROSALÍA- Manuel, será mellor que me suxeites, que vou buscar o botafumeiro e doulle un golpe na testa que nunca máis volve escribir.

CASTELAO- Para o carro rapaza!

PONDAL- Pero Rosalía, garda os folgos para logo, para cando non gañes e leves unha desilusión.

MURGUÍA- Veña amigos, haxa paz. Gañará o mellor.

PORTAVOZ- A ver, silencio! Imos anunciar o gañador. Este é...

Nese intre, chega un home.

HOME- Esperen... que quedo eu! Sinto chegar tarde. O meu nome é Lois Pereiro e gustaríame

participar no concurso.

PORTAVOZ- Pero xa remataron as representacións.

LOIS- Síntoo. Perdín o tren e tiven que vir aquí facendo autostop.

PORTAVOZ- Vaia, nese caso faremos unha excepción e escoitarémolo.

LOIS- Por ti sobrevivir coa forza necesaria

para erixirme en sombra do que fun.

Sen ti ser eu de novo

orfo doutro destino

resignado a ser eco da túa ausencia

vida e morte en desfile intermitente...

ROSALÍA- Non vai gañar.

CASTELAO- Ademais, chegou tarde.

MURGUÍA- Non cantedes vitoria...

PONDAL- Non calarás?

PORTAVOZ- Vaia, parece que todos estamos de acordo. Non é así? (*Consulta cos outros membros do xurado, que lle dan o visto bo*). Efectivamente. O gañador é...Lois Pereiro! El será a quen se lle adiquen as Letras Galegas este ano. Noraboa.

ROSALÍA- Increíble.

CASTELAO- Como é posible?

LOIS- Moitas grazas, de verdade. Non sabedes a alegría que me dades. A min adicándome as Letras Galegas! É máis do que xamais imaxinei.

O portavoz saca unha botella de viño para celebralo e Lois amosa un sorriso. O sorriso de gañador.

Os demais concursantes, tamén Murguía, marchan indignados cara ao bar máis próximo á catedral para afogar as penas coa bebida.

AITANA IGLESIAS MÁRQUEZ,4ºA